

O clamor da orixe mariñeira en Vigo

ana baena. vigo abaena@atlantico.net | 18 de Outubro de 2015



Marta Dacosta citou o grupo de senderistas urbanos no Paseo de Alfonso, que ela recolle no seu libro “Cinsa” como “paseo dos mariñeiros nostálxicos”.

Marta Dacosta abriu a nova edición dos “Paseos polo Vigo literario” coa faciana máis poética da cidade

“No paseo dos mariñeiros nostálxicos, onde adiviñan o vento, medían a distancia do mar asoballado, invadido de formigón afastado”. Con estes versos, Marta Dacosta finaliza o seu poemario “Cinsa” e cos mesmos comezou onte o seu roteiro guiado polo corazón da cidade. Citouse no Paseo de Alfonso: “Elixín este lugar porque é o balcón a Poboadores, o barrio onde nace a cidade; e dende aquí é dende onde mellor se ve o mar, o que nos da a singularidade”, apuntou a poeta.

Máis que narrar, o obxectivo que plantexou Dacosta aos senderistas urbanos foi a reflexión: “Quero invitar aos participantes a analizar se o pasado mariñeiro da cidade reflíctese dabondo na literatura galega”, declarou.

O grupo percorreu o Casco Vello, chegando a Praza do Peñasco, baixando ata o Berbés, para logo pasear polo porto, A Laxe, seguir polos xardíns das Avenidas e finalizar na pedra adicada á xa desaparecida Carme Kruckenberg.

En cada parada e en cada recuncho saíron a luz anécdotas e lembranzas doutra época; principalmente da postguerra viguesa na que está ambientado o poemario escollido. A autora intercambiou recordos

do barrio histórico. Moitos lembraban cando aínda se podían mollar os panos de man na auga do mar. Marta Dacosta, como escritora e como persoa, refírese a Vigo como “a súa xeografía emocional, o lugar onde nacín e onde volve a miña memoria.